

INSTRUCCIÓN PROCEDIMENTO DE PRACTICAS MÁSTER UNIVERSITARIO EN INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS

1. Asignación institución de prácticas.
 - a) En Moovi publicarase o calendario de prácticas. As datas recollidas neste calendario serán de obrigado cumprimento.
 - b) A coordinación do prácticum realizará unha reunión informativa co alumnado na que se informará dos prazos previstos para a organización do practicum.
 - c) O alumnado solicitará no formulario de solicitude de prácticas na secretaría virtual as institucións de prácticas dentro dos prazos establecidos no calendario. Tamén poderá propor novos convenios con institución non contempladas no listado, facilitando os datos de contacto. Para a asignación de institución terase en conta a orde sinalada polo alumnado de entre as cinco posibles opcións solicitadas no formulario de prácticas.
 - d) Na data indicada publicarase un listado coa asignación de estudiantes, destino de practicum e titores/as académicas.
 - e) A institución asignada no listado só poderá cambiarse por causa xustificada e acreditada.
 - f) O alumnado que non realice a solicitude nos prazos establecidos no calendario de prácticas accederá ás prazas vacantes nas institucións conveniadas, sendo a persoa coordinadora de prácticas a responsable de asignarlle praza na institución e titor/a académica.
 2. Planificación e xestión da práctica.
 - a) Unha vez que a persoa titora académica teña asignado o grupo de estudiantes e os centros solicitados, xestionará o contacto entre o alumnado e a persoa titora externa, para os acordos que correspondan.
 - b) O alumnado contactará coa institución de prácticas cando teña autorización da titora ou titor académico coa intención de obter a información precisa para cubrir o formulario de prácticas no que se detalla a información básica e obligatoria da práctica.
 - c) As prácticas planificaranse obligatoriamente para ser realizadas nos períodos establecidos no calendario de prácticas.
 - d) As prácticas realizaranse a xornada completa excepto causa acreditada que o xustifique. O mínimo diario por xornada será de catro horas e o número de días de prácticas á semana será como mínimo de catro excepto situacions excepcionais, avaliadas pola CAM do mestrado.
 - e) Como pauta xeral as prácticas realizaranse de luns a venres en días lectivos. Poderanse facer as prácticas en festivos e fins de semana sempre e cando se detalle na información facilitada e se acorde polas partes.
 - f) O alumnado deberá cumplimentar obligatoriamente a través do enlace que se remite o formulario/ficha de prácticas nos prazos detallados no calendario de prácticas. Será responsabilidade do alumnado garantir a veracidade da información aportada.
 3. Realización da práctica.
 - a) Coa información aportada no formulario/ficha de prácticas será responsabilidade dos servizos de apoio xerar cada práctica. Antes do inicio da prácticas a FETS enviará por correo electrónico a cada estudiante os anexos I e III; o anexo II será enviado directamente á persoa responsable da entidade que se detalle no formulario/ficha de prácticas. O alumnado será o responsable de subir os anexos I, II, e III ao MOOVI da materia unha vez asinados (Nome da tarefa en moovi: "Anexos I, II e III período de prácticas ordinario"). Os anexos subiranse en pdf e nomeados da seguinte forma: apellido apellido nome anexo1: apellido apellido nome anexo2:

apelido_apellido_nombre_anexo3. Concluido o periodo de prácticas será responsabilidade do titor/a académico finalizar a práctica no aplicativo de prácticas e xeranse os anexos IV, V e VI, tendo que enviarse o anexo IV ao titor/a externo para que avalíe a práctica.

b) As incidencias na asistencia ás sesións de prácticas ou nas condicións do desenvolvemento das mesmas serán comunicadas de inmediato aos correos electrónicos da persoa titora académica que lle indicará á persoa estudiante como proceder en cada caso. As condicións das prácticas poderán ser modificadas excepcionalmente por causa xustificada, sobrevida e de forza maior a solicitude do alumnado e coa conformidade da persoa titora externa e da titoraacadémica.

4. Finalización da práctica:

- a) O titor/a externa contestará ao formulario de avaliação que lle será enviado polo titor/a académico(Anexo IV).
- b) Unha vez finalizada a práctica o alumnado deberá cubrir o formulario de autoavaliación (Anexo VI).
- c) O alumnado subirá ao MOOVI da materia a memoria de prácticas na temporalización establecida para cada convocatoria.